

ACTIVIDADES RECOMENDADAS PARA ESTES 14 DÍAS SEN CLASES

PLANIFICACIÓN DOS DIAS SEN COLE PERO EN CUARENTENA

- Estableced un horario e unhas rutinas.
- Organizar o horario cos nenos/as. Eles participan e poden tomar algunhas decisións.
- Facelos partícipes nas actividades que ides a realizar.
- Aproveitade e intentade coñecer mellor aos vossos fillos e fillas porque o curso que ven van ao instituto e é un magnífico momento para compartir con eles/as actividades que lles gustan.
- Manualidades: pintura de dedos, temperas, recortables, ceras blandas, inventos, plastilina...
- Televisión/ pantallas: seamos realistas: as familias temos que seguir organizando a nosa rutina. Se temos a sorte de non “teletraballar” podemos facer o anterior. Se non é o caso, é complicado. Aínda así, haberá momentos de organizar a casa, limpar e facer a comida. Entendendo que isto é algo transitorio e que partimos da base de que as pantallas non son a mellor opción, temos que ser realistas. As pantallas son de gran axuda nestes momentos. Pactar con eles/as o que van ver e por canto tempo: Clan, Disney, Netflix, Youtube, Instagram, TikTok, etc.
- Lectura: Lectura dun libro que lles guste como a biblioteca de aula que facíamos durante o curso. Leede un libro por semana.
- Xogos on line EDUCATIVOS.
- escoitar música e bailar. Crear coreografías.
- Xogos de mesa familiares: Cartas como a escoba a brisca o chinchón etc, bingo, xadrez, oca parchís, puzzles. Pode ser un reto empezar un puzzle de moitas pezas e facelo con eles.

6ºB

Mandeilles os libros de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Matemáticas para que acabaran o tema que estábamos dando. Vouvos poñer por asignaturas por onde temos que seguir. Temos a sorte de que moitos teñen correo electrónico propio, así que lles pediría aos pais e nais que o cativo/a que teña dito correo electrónico o usara para contactar connigo cando o precise. Se ten dúbidas, para algunhas explicacións ou simplemente por falar un pouquiño. Estamos todos aislados e estes medios de

comunicación son excelentes para entreternos e ao mesmo tempo así practicar o manexo do correo electrónico.

Aos que non teñan correo propio poden utilizar o voso se llo permitides. Pero gustaríame que foran eles os que escriban o correo.

CIENCIAS SOCIAIS:

Páx. 68 e 69. O comercio en Europa e en España.

Facemos os esquemas das dúas páxinas e as preguntas do recadro: traballa coa imaxe.

Páx. 70 e 71. O transporte e o turismo en Europa e en España.

Facemos os esquemas das dúas páxinas e as actividades 1, 2, 3, e 4 da páxina 71.

Páx. 73 exercicio 1 o resumo.

Páx. 74-75 exercicios 1, 2, 3, 6 e 7. Na páxina 75 na actividade Demostra o teu talento, facemos a actividade B a investigación na familia. Se podedes chamade por teléfono a alguén que se desprazou a vivir a outro país.

CIENCIAS NATURAIS:

Páx. 56 e 57. Os niveis de organización.

Facemos os esquemas das dúas páxinas e as actividades 1 e 2 da páxina 57.

Páx. 58 e 59. Os tecidos.

Facemos os esquemas das dúas páxinas e as actividades 2, 3 e 4 da páxina 59.

Páx. 61 exercicio 1 o resumo, 2 a táboa e 4 o vocabulario.

Páx. 62-63 exercicios 1, 2, 4, 5, 6 e 8.

MATEMÁTICAS

pág. 97 Multiplicación de fracciones: fracción de una fracción.

Se multiplica los numeradores y los denominadores de cada una de las fracciones.

$$\text{Ejemplo: } \frac{1}{3} \times \frac{3}{2} = \frac{1 \times 3}{3 \times 2} = \frac{3}{6}$$

Realizaremos los ejercicios 24, 25, 28 y 29 de la página 97.

pág. 98. División de fracciones.

Se realiza multiplicando las fracciones en cruz.

$$\text{Ejemplo: } \frac{3}{4} : \frac{1}{8} = \frac{3 \times 8}{4 \times 1} = \frac{24}{4} = 6$$

Realizaremos los ejercicios 30, 31 y 32 de la página 98.

pág. 99. Operaciones combinadas.

Orden a seguir:

1º: resolver los paréntesis. ()

2º: multiplicación y división en el orden en el que aparecen. X , :

3º por último las sumas y restas en el orden en el que aparecen. +, –

Sin paréntesis: 1º la multiplicación y división y 2º la suma y resta.

Con paréntesis: 1º lo que tenemos en el paréntesis, 2º multiplicación/división,
3º suma/resta.

Realizaremos los ejercicios 35 y 37 de la página 99.

Actividades de repaso: página 100 ejercicios 1-6.

LINGUA GALEGA

Na terceira avaliación seguiremos co proxecto das Olimpíadas. Elixiremos cada quén un deporte olímpico para traballalo e expoñelo. Podedes elixir disciplina deportiva e empezar o traballo. Xa sabedes como temos que empezar o traballo. Explicación da disciplina deportiva, en que consiste, a súa orixe, o desenvolvemento, a súa integración nas olimpíadas, o deportista con máis medallas na disciplina, etc.

A titora de 6ºB: Rocío Vioque Rocha

